NARÓN

Datos Do Expediente:

| | |
|---|---|
| PROCEDEMENTO ABERTO | |
| Unidade Tramitadora: | |
| Contratacion e Obras Publicas - SMBM | |
| Número expediente: | Documento: |
| CON/92/2012 | CONXIOBX |
| 5S5H2A6B0V0J2M0I1APG | |

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DA DOCUMENTACIÓN REFERENTE AOS CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES (SOBRE C) PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA XESTIÓN DE AULA CEMIT E IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS NA ZONA RURAL.

**Presidente:** D. Juan Pablo Mauriz Romero (concelleiro delegado de Servizos, Persoal e Recursos Humanos), en substitución do alcalde José M. Blanco Suárez

**Vogais:**

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)
D. Manuel Guillermo Antón Villamil (Interventor Accidental)
D. Manuel Rodríguez Alvarez (Técnico de Información e Comunicación)
Dna. Mª José Rodríguez Porto (concelleira delegada de Novas Tecnoloxías)

**Secretaria da Mesa:**

Susana Barbeito Míguez, Xefa de Negociado de Contratación

De conformidade co establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron parte dos representantes das empresas candidatas participantes nesta licitación.

Sendo as 11:30 horas do día nove de setembro de dous mil trece, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a apertura dos sobres "C" relativos aos criterios avaliables en cifras ou porcentaxes das empresas admitidas á licitación.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a tratar os seguintes asuntos:

1.- INFORMACIÓN SOBRE A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PRESENTADA POLAS EMPRESAS.

Toma a palabra a secretaria da Mesa para dar conta da reunión mantida para cualificar a documentación administrativa presentada polas empresas licitadoras.

As empresas que se presentaron a esta licitación son as seguintes:

- Myr-Muy Particular
- Galmander, S.L.
- Hércules Formación, S.L.
- Gestión y Asistencia Técnica de Formación, S.L. (GATFOR)
- Telemática Galicia
- Inprega
- Ara Negocios, S.L.
- Consulting Orbere, S.L.U.
- Prosem
- Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L.

As empresas Myr-Muy Particular, e Galmander, S.L., foron excluídas do proceso de licitación por non presentar a súa solvencia técnica, e as empresas Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L., e Prosem, por non acreditar a súa solvencia técnica suficientemente.
As demais empresas foron admitidas, xa que se lles deu un prazo para que subsanasen a documentación, e unha vez transcorrido este, presentaron correctamente a documentación administrativa.

2.- APERTURA DOS SOBRES C CORRESPONDENTE AOS CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES

Antes de proceder á apertura dos sobres C o presidente procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Procédese á apertura dos sobres C relativos aos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes.

| **EMPRESA** | **PREZO OFERTADO (€) (exento de IVE)** | **% DE BAIXA** |
|---|---|---|
| GATFOR | 41.720,00 | 9,30 |
| Hércules Formación, S.L. | 32.400,00 | 29,56% |
| Inprega | 40.480,00 | 12% |
| Ara Negocios, S.L. | 43.700,00 | 5% |
| Consulting Orbere, S.L. | 31.990,00 | 30,456% |
| Telemática Galicia | 43.700,00 | 5% |

No que se refire a oferta formativa (criterios técnicos):

**GATFOR**

| **Actividade** | **Horas anuais** |
|---|---|
| Programación de acción formativas na aula cemit fora da programación da Xunta de Galicia para cidadáns particulares | 800 |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

| | |
|---|---|
| Programación de acción formativas fora da aula cemita nun mínimo de 7 locais sociais | 800 |
| Programación de acción formativa a realizar na aula cemit para empregados municipais | 200 |
| Programación de acción formativas na aula cemit forma da programación da Xunta de Galicia para entidades e colectivos | 300 |
| Apertura da aula cemit ao público en xeral | 20 h. semanais |

**HÉRCULES FORMACIÓN, S.L.**

| Tipo curso | Horas anuais |
|---|---|
| Programación de acción formativas na aula cemit fora da programación da Xunta de Galicia para cidadáns particulares | 800 |
| Programación de acción formativas fora da aula cemita nun mínimo de 7 locais sociais | 330 |
| Programación de acción formativa a realizar na aula cemit para empregados municipais | 30 |
| Programación de acción formativas na aula cemit forma da programación da Xunta de Galicia para entidades e colectivos | 30 |
| Hora por enriba das dez horas semanas de apertura ó público do Cemit | 1 |

**INPREGA**

**Proposta de horarios de atención ao público e de funcionamento da aula:**

| | | |
|---|---|---|
| Aula Aberta | 12 horas/semana | 48 horas/mes |
| Curso Aula | 7 horas 30 min/semana | 30 horas/mes |
| Locais sociais | 8 horas 45 min/semana | 35 horas/mes |

ARA NEGOCIOS, S.L.

**Cómputo total de horas do semestre:**

Centros sociais: 400 horas
Cidadáns particulares: 400 horas
Entidades e colectivos: 75 horas
Empregados do Concello: 56 horas
Aula Aberta: 275 horas

**CONSULTING ORBERE, S.L.U.**

| **Traballos** | **Horas** |
|---|---|
| Programación a realizar na aula cemit fora da programación da Xunta de Galicia para cidadáns particulares | 800 (máximo) |
| Programación de catálogo CEMIT a realizar fora da aula cemita nun mínimo de 7 locais sociais | 800 (máximo) |
| Programación para empregados municipais | 200 (máximo) |
| Programación de accións formativas na aula cemit fóra da programación da Xunta de Galicia para entidades e colectivos | 300 (máximo) |
| Apertura da aula CEMIT ao público en xeral | 20 horas semanais |

**TELEMÁTICA GALICIA**

| **TRABALLOS** | **MES 1(horas)** | **MES 2 (horas)** | **MES 3 (horas)** | **MES 4 (horas)** | **MES 5 (horas)** | **MES 6 (horas)** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Formación ciudadanía aula CEMIT | 66,1 | 66,10 | 66,1 | 66,1 | 66,1 | 66,1 |
| Formación Público aula Cemit | 43,5 | 43,5 | 43,5 | 43,5 | 43,5 | 43,5 |
| Formación personal Concello aula CEMIT | 16 | 16 | 16 | 16 | 16 | 16 |
| Formación entidades aula CEMIT | 24 | 24 | 24 | 24 | 24 | 24 |
| Formación ciudadanía asociacións | 66,1 | 66.1 | 66.1 | 66.1 | 66,10 | 66,10 |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

NARÓN

Rematada a lectura dos criterios avaliables en cifras ou porcentaxes, infórmase que se dará traslado dos sobres coas ofertas correspondentes aos servizos técnicos para os seu informe.

A Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS ADMITIDAS.

A Mesa acorda deixar pendente a valoración final das ofertas admitidas, e no seu caso formular a correspondente proposta de adxudicación nunha vindeira reunión, previa convocatoria realizada ao efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11 horas e 55 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu a Secretaria dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente





CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es